

A directiva, que incorpora dous poetas, da un ultimatum para que os literatos busquen outros rexedores

## Novoneyra, reelexido presidente dos escritores en lingua galega

*«Que teñan preparada unha sucesión porque esta directiva non aceptará ningunha nova reelección no ano 2001». Este é un dos acordos da assemblea da Asociación de Escritores en Lingua Galega na que foi reelexido presidente Uxío Novoneyra. A entidade conta*

A CORUÑA. RODRÍGUEZ GARCÍA

Redacción

Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel, 1930) explicou que a decisión da xunta directiva está motivada polo feito de que desde 1988 vén sendo reelexido sistemáticamente.

Esta vez cesou como vocal, a petición propia, o lucense Lois Diéguez e incorporáronse como vocales as poetas Marta Dacosta e Iolanda Castaño. «Alíña de actuación será a mesma que se vén seguindo desde que Miguel Ánxo Fernán-Vello asumió a secretaría», explicou ante o presidente, quen lembrou que «fun reelexido sen presentarme no ano 1988 e aquí levo once anos. Isto xa é unha cousa insufrible».

Os asistentes á assemblea, que tivo lugar o pasado fin de semana no Museo do Pobo Galego, en Compostela, aprobaron os principais proxectos a desenvolver pola entidade nos próximos meses.

### Invasión de mulleres


A inclusión de díñas rapazas na xunta directiva débese, entre outras cousas, a «unha entrada masiva das mulleres en todos os eidos. Igual que invadiron a universidade, as mulleres invaden a poesía en galego», di Novoneyra.

En tanto a presencia de moitos escritores novos, sobre todo na poesía, pensa que «cando os autores deste último tercio de século maduren é de esperar unha gran cousa. Polo de agora non aparecen os grandes nomes da xeración Nós ou da xeración dos cincuenta».

O autor de *Os eidos* destaca o feito de que «moita xente usa o galego como idioma literario» polo que «pode estar sendo un deses grandes momentos, áfina que non aparezan nomes».

En tanto ó compromiso social poético, Novoneyra di que a lírica galega «sempre tendeu a ser comprometida, sempre tivo unha gran incidencia a poesía social». Recofíece que «pode vir un boom esaxerado como nos anos setenta onde todos escribían poesía social e dáballe vergüenza escribir poesía amorosa».

con más de douscientos socios. A assemblea foi informada de que a Academia Sueca comunicou á Asociación que xa tiña recibida a acreditación do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, «reelexido co 95% dos votos a favor», como candidato ao Nobel de Literatura.



Uxío Novoneyra presidirá a Asociación de Escritores en Lingua Galega ata o ano 2001 XURXO LOBATO

## «Volvo de Compostela o Courel»

«Quero ir do Courel a Compostela por terras libradas». A frase estaba entre os poemas das *Elexías* de Novoneyra e para moiños converteuse en bandeira. Era unha época na que «esperabase grandes cousas, esperabase a revolución mundial. Iso é increíble, ocorre moi raras veces», di o poeta. Explica que libradas tiña o sentido de liberadas e recoñece que o resultado daquela esperanza «foi bastante frustrante, pero as cousas para que empecen a ocurrir teñen que ser soñadas antes».

Uxío Novoneyra marchou a Compostela e alí vive desde 1983. Agora leva ano e medio sen ir polo Courel debido a enfermidade. Se na súa xuventude tivo que irse O Courel por motivos de saúde e alí empezou a escribir, agora é a mala saúde a que lle impide viaxar ás terras que o viron nacer. A enfermidade de agora «é un pouco máis

grave que aquela da mocidade», porque «saio dunha e métome noutra», pero «estou deseñando ir». De feito, o poeta volve á montaña lucense polo camiño da literatura. No prelo ten un novo libro titulado *Ameto mítico*. «Está composto e corrixido, pero querer que saia fora do tempo destas eleccións, nun ambiente máis tranquilo», di.

### «Un ir e volver»

Este novo poemario ten como subtítulo *Arrodeos e desvíos do camiño de Santiago e outras rotas*. Irá ilustrado con fotografías do coruñés Federico García Cabezón.

En tanto a temática, «é un recorrer o Courel e arredores, un ir e volver. O final volvo de Compostela o Courel, volvo á poesía rimada, ata me atrevería a dicir de rima brillante». Novoneyra pensa que este tipo de poesía é convinte pola súa sonoridade

### Os autores elixen libro do ano «O lapis do carpintero»

*O lapis do carpintero*, de Manuel Rivas, foi reelexido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega como o mellor libro publicado en Galicia o ano pasado. Cada un dos socios votou á que consideraba mellor obra de todos os géneros literarios e o resultado final foi que a novela de Manuel Rivas acadou seis votos porque «había moitas con un voto, dous ou tres», indicou Uxío Novoneyra.

Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario da entidade, explicou que este premio, do que esta é a primeira edición, «ten como particularidade relevante o feito de que os propios socios e socias da Asociación son os encargados, mediante votación persoal, de elixir a obra gañadora».

Tamén apuntou que este galardón literario «pretende constituirse nunha referencia de gran prestixio dentro do mundo das letras galegas» e leva consigo a entrega dun obxecto artístico ó gañador.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega formouse en 1980, sendo o seu primeiro presidente Bernardino Graña.

Entre os anos 1982 e 1985 Uxío Novoneyra ocupou a presidencia pero, ainda que dimitiu tres anos más tarde, «no 88 fun reelexido sen presentarme», lembra agora, calculando que a reelección da última assemblea xa é a séptima.

dade xa que «é o único que conta para dar a sensacións da terra». Insiste en que «é un libro de idas e voltas, de non poder parar de viaxar ó Courel e a alta montaña luguesa. Non é escuro, nin difícil. Quizás non ten esa cousa dos *Eidos* en que a terra te cerca por todos os lados; aquí hai unha distancia a terra, xa que un ten un dominio da lingua maior, pero non é un libro comparable con *Os Eidos*».

Este fillo de campesiños, afirma que «á terra non se lle pode oprimir o seu silencio con palabras; ó mesmo silencio nosoutros só o oímos ás veces e cando o oímos xa non lle chamamos silencio».

Mentres, outros escriben da súa obra en libros como o de conversas co poeta e antropólogo ourensán Emilio Araújo ou o de Xulio Calviño, *Novoneyra e os motivos de Circe* (Espiral Maior).